# Os frescos de San Martiño estarán restaurados en dous meses

▶ As pinturas inéditas son as máis antigas do Románico en Galicia, datan do primeiro tercio do século XII e descoñécese a súa autoría

CRISTINA L. FELIPE
» clfelipe@elprogreso.es

FOZ. A basílica de San Martiño de Foz agochaba no seu interior un tesouro ata agora descoñecido, nin máis nin menos que os frescos románicos máis antigos de Galicia, descubertos cos traballos de restauración que se están a levar a cabo no templo e que datan do primeiro tercio do século XII. Estas pinturas son «prácticamente únicas», comenta a restauradora que leva a cabo os traballos, Blanca Besteiro, xa que desta época só hai unhas no templo ourensán de San Pedro de Rocas, do último tercio do século XII.

Os traballos de restauración nos frescos que xa estaban á vista comezou no mes de setembro e posteriormente a retirada dunha capa de morteiro deixou á vista as pinturas inéditas, sobre as que agora se traballa, que estarán totalmente restauradas no prazo máximo de dous meses, indicou a responsable dos traballos.

Trátase dun mural de considerables dimensións que ocupa boa parte do ábside norte da catedral. É unha pintura ó fresco, románica, que na escena central plasma unha Asunción da Virxe e arredor conta cun Apostolado. A súa autoría é descoñecida «e seguramente non se saiba quen as fixo, xa que non hai documentos testimoniais sobre estas pinturas», engade a encargada da restauración.

No proceso de estudo das pinturas colabora «de forma totalmente desinteresada» o historiador e xefe da área de Románico do Museo Nacional de Arte de Catalunya, Manuel Castiñeiras González, que se ofreceu voluntario para facer un estudo dos hachádegos e que é o encargado da parte historiográfica, documental, iconográfica e estilística do traballo que, por exemplo, permitiu a identificación das escenas. Xunto con Blanca Besteiro, restauradora e licenciada en Belas Artes, traballan na recuperación das pinturas María del Carmen Fernández, Marien González e Elba Rico, todas elas diplomadas en Restauración.

**PASOS.** O proceso de restauración dos frescos inclúe varias fases. O primeiro de todo é a recuperación, que consiste en eliminar todas as capas superpostas sobre a pintura orixinal, coma repintes, cales ou morteiro. Unha vez que está a pintura limpa na súa integridade o seguinte paso é a consolidación, que implica inxectar morteiro licuado en zonas onde a pintura está separada da parede e hai risco de que se desprenda; deste xeito conséguese fixar a pintura na superficie do muro. Nesta fase tamén se consolida o morteiro do soporte con auga de cal para fortalecelo.

Na actualidade están na fase de reintegración do soporte, que consiste en anivelar a superficie, que conta con moitos pequenos buracos orixinados pola humidade, di a restauradora, para o que empregan morteiro de cal e area. A continuación, «encima desa superficie branca farase un raiado vertical con acuarela para igualar a cor, proceso que se chama reintegración cromática» e que permitirá restablecer o debuxo orixinal.

A superficie restaurada tamén foi obxecto dun tratamento para previr a acumulación de fungos. Todos os métodos que se empregan para a restauración das pinturas son manuais, a limpeza fíxose en seco e os produtos que utilizan son naturais, non sintéticos. Isto faise así coa intención de empregar materiais semellantes ós orixinais, explicou Blanca Besteiro.

**REFORMA COMPLETA.** A restauración dos frescos é unha parte máis dos traballos de mellora do templo, que dirixe o arquitecto Ignacio López de Rego e que Fomento financiou con 893.000 euros. Inclúen a mellora do teito e do campanario, o cambio do cableado da luz, a limpeza xeral do templo e o acondicionamento do entorno.



Imaxes do Apostolado descuberto en San Martiño. ANTONIO LÓPEZ



O bispo firmou no libro de honra de Foz. ANTONIO LÓPEZ

## O bispo agradeceu o traballo do Concello coa basílica

O bispo da diócese Mondoñedo-Ferrol, Manuel Sánchez Monge, realizou onte unha visita pastoral a Foz na que lembrou o traballo conxunto da Igrexa e o Concello para conseguir a declaración de basílica para a catedral de San Martiño e para a súa mellora.

Sánchez-Monge , ó igual que o alcalde, José María García Rivera, mostráronse dispostos a seguir colaborando polo ben dos focenses.

O bispo foi recibido pola corporación local e por representantes de varios colectivos do concello. Firmou no libro de honra, onde escribiu unhas palabras nas que fixo referencia á capacidade da Igrexa de «colaborar con todos y estar al lado de los más pobres». Neste senso, mostrouse disposto a axudar «a la gente con carencias económicas o de otro tipo y también a lograr la reinserción de los afectados por las nuevas pobrezas, como la droga o la ludopatía».

# El BNG propone crear un servicio de cercanías que aproveche la línea de Feve

▶ Asegura que haría falta una inversión «mímina» para adaptar la actual infraestructura ferroviaria

DELEGACIÓN

A MARIÑA. El Bloque demandará al próximo Gobierno central la puesta en marcha de un servicio de cercanías ferroviarias en A Mariña aprovechando la actual infraestructura de Feve, pues consideran que, «cun investimento mínimo» para ampliar y mejora el trazado, el ferrocarril de vía estrecha «pode cumprir esta función».

Los nacionalistas están convencidos de que dotar de cercanías a la comarca «non é un problema de diñeiro, senón de vontade política» y consideran que Feve «debe e pode» jugar un papel central en la articulación de la franja costera de A Mariña, lo que se conseguiría aumentando la frecuencia horaria de las líneas O Vicedo-Ribadeo, reubicando alguna estación o apeadero que esté alejado en exceso de los núcleos urbanos, incorporando nuevas máquinas y procediendo a la electrificación de las líneas para acordar la duración del trayecto.

Por otro lado, la formación también exigirá al Ejecutivo que salga el 9 de marzo de las urnas que aclare cuál es su propuesta en relación con el denominado corredor ferroviario del Cantábrico, un proyecto recogido en el paquete de medidas del Plan Galicia y que apareció de nuevo en los Presupuestos Generales del Estado de este ejercicio, aunque limitado al País Vasco y Cantabria. El Bloque exige, en este sentido, una propuesta "realista" y que cumpla con las necesidades de la zona. La mejor alternativa, para los nacionalistas, es un ferrocarril de usos mixtos, de doble vía, electrificado, con una velocidad media de 150 kilómetros por hora que conecte a Galicia con el resto de la cornisa cantábrica y Europa.

# Estúa culpa al PP de que no se habilite un local de ensayo

DELEGACIÓN

CERVO. La apertura de un local de ensayo para jóvenes en Cervo generó un enfrentamiento entre PP y BNG, ya que, mientras los populares acusan al Director Xeral de Xuventude, Rubén Lois, de incumplir la promesa hecha en abril de crear esta dotación, los nacionalistas alegan que la iniciativa no se puede llevar a cabo porque el equipo de gobierno, del PP, introdujo en el último pleno, el 30 de enero, una serie de requisitos que no encajan en el decreto regulador de estos locales.

El portavoz del Bloque, Xoán Antón Estúa, recuerda que en esta sesión plenaria su grupo presentó una moción en la que pedía que el Concello pusiese a disposición de Vicepresidencia un inmueble para un local de ensayo. El PP la aprobó, aunque introduciendo una enmienda que «imposibilita» esta medida, pues se pide que la Xunta financie al personal y que compre o alquile los locales.

El popular José Manuel Balseiro, por su parte, presentó una pregunta en el Parlamento sobre esta cuestión y reprocha a Rubén Lois que alegase que este tipo de infraestructuras «levan o seu tempo» para justificar que no se hayan creado en Cervo. Estúa indica que Lois respondió a Balseiro sin conocer el acuerdo plenario del 30 de enero.